



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su contestación por escrito relativas a la necesidad de que el Gobierno lleve a cabo actuaciones de mantenimiento en la antigua prisión de A Coruña, en estado de total abandono.**

El BNG se dirigió en su momento al Ministerio del Interior para reclamar al Ministerio el abandono de la vía judicial y que renunciase a interponer recurso ante la sentencia del Juzgado de Primera Instancia número cinco de A Coruña, que declaraba nulo el Convenio firmado entre el Ayuntamiento de A Coruña y el Ministerio en 2005 en relación con la antigua prisión de A Coruña. Exigíamos y seguimos exigiendo que el Ministerio opte por la negociación con el Ayuntamiento para conseguir, lo antes posible, la recuperación y rehabilitación de la antigua prisión.

Como es bien sabido, la antigua prisión de A Coruña está ubicada en un terreno que en su día fue cedido por el Ayuntamiento de la ciudad. En 2005, el ayuntamiento firmó un convenio con Interior para recuperar los terrenos a cambio de ceder la parcela que ocupaba el centro de integración social de Monte Alto y pagar además una cantidad estimada en 1,2 millones de euros.

Sin embargo, una nueva documentación de los años 20 sobre el acuerdo entre el Estado y el Ayuntamiento para la construcción de la prisión, hecha pública en 2013, puso de manifiesto que se había acordado que el edificio, cuando dejara de utilizarse como prisión, revertiría gratuitamente al Ayuntamiento. Sin embargo, SEIPSE continuó con sus acciones legales para reclamar el pago de casi 15 millones, pero la reciente sentencia anteriormente citada dio la razón al Ayuntamiento y declaró nulo el convenio de 2005.

Pese a los llamamientos políticos y sociales, así como de organizaciones de memoria y culturales, Interior respondió al BNG el pasado mes de diciembre que «por recomendación de la Abogacía del Estado iba a recurrir la sentencia».

Consideraba, asimismo, que «la legislación vigente no permite formular la gratuidad de la transmisión del inmueble», una afirmación que sorprende dado que el Gobierno ha



alcanzado acuerdos para la libre transmisión de inmuebles de similares características en otras partes del Estado, como Zamora o Granada, entre otros.

La cuestión es que, mientras se prolonga el litigio judicial, el antiguo edificio penitenciario no ha registrado ningún tipo de inversión, mejora o reparación, por lo que se encuentra cada vez más deteriorado y presenta un pésimo estado de conservación, casi de abandono total.

Cabe recordar que el inmueble, con una superficie total de casi trece mil metros cuadrados, se sitúa muy cerca de la Torre de Hércules, declarada Patrimonio de la Humanidad, y que el edificio está catalogado como protegido en el plan general actual. Sin embargo, dado que la prisión dejó de utilizarse como prisión en 2009, cuando dejó de funcionar como centro de integración, el Ministerio del Interior no ha tomado ninguna medida para preservar el edificio. El Estado, como actual propietario del inmueble, tiene la obligación de mantener esta infraestructura e impedir que continúe su deterioro.

Por otra parte, el movimiento memorialista reclama su declaración como Lugar de Memoria Histórica por parte del Estado y su rehabilitación, reforma y puesta a disposición del público, de forma que se mantenga viva la memoria de un lugar donde se ejerció una dura represión tras el alzamiento militar y durante la dictadura franquista.

Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas con contestación por escrito dirigidas al Gobierno:

1. ¿Adoptará el Ministerio del Interior las actuaciones necesarias y urgentes para el mantenimiento y conservación de la antigua prisión de A Coruña, puesto que como propietario está obligado a ello?
2. ¿Conoce el estado actual de total abandono en el que se encuentra la cárcel, sin uso y sin inversión desde 2009, a pesar de que se trata de un lugar destacado para la Memoria Histórica?
3. ¿Cumplirá con sus obligaciones como administración competente, mientras no finalice la vía judicial por la que decidió apostar Interior contra el Ayuntamiento de A Coruña, y procederá a realizar las actuaciones de rehabilitación necesarias?
4. ¿Qué disposición tiene el Ministerio del Interior para mantener la vía de diálogo con el Ayuntamiento de A Coruña para su cesión gratuita como ha hecho en otros puntos del Estado? ¿En caso contrario, comparte que está actuando únicamente por interés económico en lugar de mirar por el bien común de la ciudad de A Coruña, obviando además que los terrenos sobre los que se construyó la prisión fueron una cesión



CONGRESO DE
LOS DIPUTADOS



municipal?

5. ¿Qué disposición tiene el Gobierno de declarar la antigua prisión provincial de A Coruña como Lugar de Memoria Histórica?

Madrid, 19 de mayo de 2025

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

19 MAY. 2025 16:14:44

Entrada **69059**

Sobre o inicio de actuacións urxentes para o mantemento e conservación do antigo cárcere da Coruña

Competencia	Otros Expedientes
Tipo Expediente	300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado



Á MESA DO CONGRESO


O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas á necesidade de que o Goberno realice actuacións de mantemento do antigo cárcere da Coruña, en estado de total abandono.**

O BNG dirixiuse no seu momento ao Ministerio de Interior para reclamar ao Ministerio o abandono da vía xudicial e que renunciase a interpor recurso ante a sentenza do Xulgado de Primeira Instancia número cinco da Coruña, que declaraba nulo o Convenio asinado entre o Concello da Coruña e o Ministerio en 2005 en relación ao antigo cárcere da Coruña. Demandabamos e seguimos a demandar que o Ministerio opte pola negociación co Concello para lograr, o antes posíbel, a recuperación e rehabilitación do antigo penal.

Como é sabido, o antigo cárcere da Coruña está situado nunha parcela que, no seu día, foi cedida polo concello. En 2005, o concello asinou un acordo con Interior para recuperar os terreos a cambio de ceder a parcela que ocupa o centro de inserción social de Monte Alto e pagar ademais unha cantidade cifrada en 1,2 millóns de euros.

Porén, nova documentación dos anos 20 sobre o acordo entre Estado e Concello para a construción do cárcere, feita pública en 2013, descubriu que se pactara que o edificio, cando xa non tivese uso carcerario debía reverter ao Concello de forma gratuíta. Porén, SEIPSE continuou coa vía xudicial para reclamar o pagamento de case 15 millóns, mais a recente sentenza antes citada deulle a razón ao Concello e declarou nulo o convenio de 2005.

A pesar dos chamamentos políticos e sociais, así como de organizacións da memoria e culturais, Interior contestou ao BNG en decembro pasado que “por





recomendación da Avogacía do Estado, ía recorrer a sentenza”. Consideraba, ademais, que “a lexislación vixente non permite formular a gratuidade na transmisión do inmóbel”, afirmación que sorprende dado que o Goberno chegou a acordos para cesións gratuítas de inmóbeis de características semellantes noutras partes do Estado, como en Zamora ou Granada, entre outros.

A cuestión é que, mentres se alonga o litixio xudicial, o edificio do vello cárcere non rexistrou ningún tipo de investimento, mellora ou reparación, polo que está cada vez máis deteriorado e presenta un estado de conservación pésimo, case de total abandono.

Cabe lembrar que o inmóbel, cunha extensión total de case trece mil metros cadrados, sitúase moi preto da Torre de Hércules, ben declarado Patrimonio da Humanidade, e que o edificio está catalogado como protexido no actual plan xeral. Mais, desde que o cárcere ficou sen uso penitenciario en 2009, cando deixou de funcionar como centro de inserción, o Ministerio de Interior, non realizou ningunha acción para a preservación da edificación. O Estado, como titular actual do ben, ten a obriga de realizar o mantemento desta infraestrutura e impedir que continúe o seu deterioro.

Por outra parte, o movemento memorialista reclama a súa declaración como Lugar de Memoria Histórica por parte do Estado e a súa rehabilitación, reforma e posta a disposición pública, de forma que se manteña viva a lembranza dun lugar en que se exerceu duramente a represión despois do alzamento militar e durante a ditadura franquista.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas con resposta escrita dirixidas ao Goberno:

1. Adoptará o Ministerio de Interior as actuacións necesarias e urxentes para o mantemento e conservación do antigo cárcere da Coruña, posto que como propietario está obrigado?



2. Coñece o actual estado de total abandono en que se atopa o cárcere sen uso e sen investimentos desde 2009, a pesar de que se trata dun lugar destacado para a Memoria Histórica?
3. Cumprirá coas súas obrigas como administración competente, en tanto non finalice a vía xudicial pola que decidiu apostar Interior contra o concello da Coruña e procederá a realizar as actuacións de rehabilitación precisas?
4. Que disposición ten o Ministerio de Interior a manter a vía do diálogo co concello da Coruña para a súa cesión gratuíta como fixo noutras partes do Estado? En caso contrario, comparte que está actuando unicamente por un interese económico en lugar de mirar polo ben común da cidade da Coruña, obviando ademais que os terreos nos que se edificou o cárcere foron unha cesión municipal?
5. Que disposición ten o Goberno a declarar a antiga prisión provincial da Coruña como Lugar de Memoria Histórica?

Madrid, a 19 de maio de 2025

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso